FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

DEPORTE GALEGO · XUNTA DE GALICIA

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 27.06.2015

Nas dependencias do "Hotel Eurostar San Lázaro" de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 27 de xuño de 2015, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificación dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2015/16, aprobadas por la Comisión Delegada.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2015/16, aprobadas polo Comisión Delegada.

6. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2014.

7. Aprobación do Orzamento de Exercicio 2015.

8. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

9. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 16,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 30 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3.Informe do presidente:

O Presidente diríxese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

Despedimos esta tarde 12 meses de intensa actividade nos que intentamos asentar as primeiras pedras dun escenario mellor en todas as nosas áreas: técnicas, formativas e

administrativas. Dicimos adeus a unha unha temporada na que a asemblea FGB depositou de novo a súa confianza no meu equipo para guiar esta institución durante catro anos mais.

Dende o traballo coas Seleccións Galegas de Base, pasando pola labor continua e valiosa do Programa de Tecnificación ata os impulsos formativos acometidos con adestradores e árbitros fan que a nosa análise desta temporada teña bo sabor de boca. Pero, por suposto, dende esta Federación Galega apostamos sempre por seguir crecendo.

O noso status tanto a nivel autonómico como nacional convídanos a seguir pola liña marcada, sen deter o ritmo. O noso compromiso cos programas sociais e competicións FEB, a estabilidade das nosas propias competicións, o progreso do CGAB, así como a transparencia na xestión económica definen o que para esta Federación Galega supuxo o ciclo 2014 - 2015.

E mirando cara adiante con catro anos de perspectiva, propóñome desenvolver todo o exposto na miña mensaxe emitida na asemblea do pasado 2 decembro de 2014, e fágoo coa mesma ilusión e desexos de traballo que cando cheguei ao cargo no ano 2006. Desexo destacar algunhas das liñas básicas de actuación que pretendemos desenvolver ao longo destes catro anos que temos por diante:

A primeira, e máis importante, é a de mellorar e ampliar a INTERCOMUNICACIÓN entre o equipo xestor da FGB e todo o colectivo que a integra e soporta. A partir do 2 de decembro de 2014 puxémonos en marcha para facer real e efectiva a comunicación en ambos sentidos para que a miña mensaxe asemblearia non quedase en palabras senón que se transformase en feitos. A día de hoxe isto xa empeza a ser unha realidade.

Dese diálogo deben fluír todas aquelas iniciativas e críticas, en sentido construtivo, que axuden a mellorar o baloncesto galego no día a día da nosa xestión federativa encomendada pola Asemblea FGB.

Avanzamos moito en diferentes aspectos, tanto de xestión arbitral como de mellora das competicións no marco da Área Deportiva FGB.

Melloramos a calidade dos Cursos para Adestradores e Árbitros. Incrementamos a presencia de adestradores de relevancia ao longo das distintas áreas deseñadas para mellorar a calidade dos nosos adestradores. Estas son a Aula Formativa do Adestrador Galego, o Claustro Docente FGB e, sobre todo, os nosos Cursos de Iniciación, Nivel 1 e Nive 2, tres estadíos didácticos que xa son un referente a nivel nacional.

Sen embargo, e a pesar do esforzo de todos os que compoñemos a familia do baloncesto galego, eu síntome frustrado no referente ao desenvolvemento do noso Baloncesto Base.

A autocrítica lévame a pensar que algo non estamos facendo ben. Que algo se nos escapa e que ao non ser conscientes disto non podemos corrixilo.

Na miña modesta opinión, e en base ao efecto comparativo con outras autonomías, chego a pensar que o que nos falta e concienciarnos todos de que a base do noso baloncesto en xeral precisa mellorar moito.

Creo que todos debemos reflexionar e facer autocrítica para buscar e tratar de atopar que é o que se nos escapa.

Penso que debemos analizar e estudar esta situación entre todos, cunha valoración obxectiva de que e de cómo estamos a levar a cabo ou non a formación dos máis novos.

Dende a Federación marcamos o "Horizonte 2018" como meta para intentar acadar este obxectivo de mellora do noso Baloncesto Base, incluíndo aquí unha serie de premisas para establecer unha relación de diálogo cos clubs – a través do seu director técnico e adestradores- podendo mellorar así os niveles de formación dos xogadores e xogadoras ao remate do recorrido no citado ano 2018.

Neste percorrido, con esa data futura como referente, enmarcamos tamén a nosa contribución a un concepto que outorgamos gran valor. Falo do xa coñecido como "Universo Muller", o que representa toda a forza do basket feminino no que en Galicia podemos estar ben orgullosos. Por isto, e sendo conscientes de que España será sede do Mundial 2018, traballaremos dende xa para conseguir ser parte activa e escenario na nosa Comunidade deste espectáculo.

Noutra orde de prioridades están a de seguir mellorando o noso nivel arbitral tanto en número de árbitros como na calidade de todo o colectivo pero principalmente partindo da base.

Estase traballando para a mellora do noso sistema informático con programas que faciliten a labor dos clubs á hora de xestionar as labores federativas.

En xeral, e para rematar, seguiremos mellorando o marco global da FGB gracias á comunicación que se vaia establecendo cos nosos responsables de Relacións con Clubs.

O baloncesto galego debemos construílo entre todos e canto máis fortes sexan os pilares e a base do mesmo, máis grande o faremos.

Trasladar o meu recoñecemento aos sponsors e institucións que apostan por esta Federación e polo baloncesto. Por suposto, tamén a todos os clubs galegos polo seu bo facer ao longo de todo esta temporada, repleta de alegrías deportivas.

E, sen excepción, o meu recoñecemento ao persoal da Federación Galega pola súa complicidade constante co baloncesto e pola súa profesionalidade. A todos, moitas gracias.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os CETIS (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
2.- As selecciones autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.

3.- Area adestradores: preparación cursos, formación contínua, profesorados etc.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de 60 Cetis zonales de categoría Minibasket, Infantil e cetis de promoción.
- Realización de 16 Cetis de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete.
- Realización do All Star categoría Pre-Infantil en Marzo.
- Preparación das selecciones autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun total de 45 xornadas de trabajo e 12 adestradores.
- Interacción ca Area de Salud: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.
- Convenio inter-federacións para torneos preparatorios dos Campionatos de España de Selecciones con País Vasco, Castilla-León e Madrid.
- Os resultados das seleccións.
- Cursos de adestradores: 6 de iniciación con 138 alumnos, e os de Nivel I e II cun total de 88 alumnos.
- Formación continua para adestradores: "Aula formativa do adestrador", cun total de 8 charlas técnicas.
- Realización de dúas edicións do Claustro Docente FGB: Cambados e Coruña.
- Plataforma da Mellora do Adestrador Galego actividade en Agosto en coruña.
- Convenio AEEB-Galicia.
- Colaboración con entidades e clubs para o apoio das iniciativas de formación de adestradores.
- Convenio ABP Porto.
- Priorización da promoción e desenrolo do Minibasket: Xornada de Harmonización, Pequebasket, Xuntanza Minibasket e Preminibasket.
- Jamboree de Minibasket de Clubs.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España .
- Aumento actividades técnicas.
- Colaboración con diversos clubs en convivencias e asistencia de árbitros en formación.
- Participación dos árbitros galegos a nivel internacional.
- Campaña de concienciación para a fidelización dos árbitros e oficiais novos.
- Estudo e creación da ESGAR.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2014/15, aprobados pola Comisión Delegada.

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día, conxuntamente coa convocatoria de esta asemblea, se lles enviaron as emendas propostas polos Clubs.

- Artº 28 presenta a enmenda D. Jorge López Mosquera e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:

Votos a favor: 13 Votos en contra: 10 Abstencións: 5
Queda aprobada a enmenda

- Artº 71 presenta a enmenda D. José A. Sama Díez e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:

  Votos a favor: 5 Votos en contra: 15 Abstencións: 6
  Queda rechazada a enmenda.

- Artº 148-C presenta a enmenda D. José A. Sama Díez e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:

  Votos a favor: 5 Votos en contra: 16 Abstencións: 7
  Queda rechazada a enmenda.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2015 -2016 , aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa que das emendas presentadas

- Francisco Martín Micó en representación da FGB, presenta modificacións os artigos: 9.13; 11.12; 13.13; 15-12; 17.13; 19.12; 9.14; 11.13; 13.14; 15.13; 17.14; 19.13; 10.6, 12.6, 14.6, 16.6; 18.6; 20.6; 10.9; 12.9; 14.9; 16.9; 10.11; 12.11; 14.11; 16.11; 18.11; 20.11; 18.9; 20.9. Todas elas son datas de xogo para axustar os calendarios e os comenzos das competicións de 2ª División, así como as Copas Galicia e as Fases Clasificatorias. Foi asumida pola Comisión Delegada. Procédese a votación:

  Votos a favor: 28 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
  Queda aprobada a enmenda.

- Artº 1.10 presenta a enmenda D. José A. Sama Díez e non está asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:

  Votos a favor: 4 Votos en contra: 14 Abstencións: 10
  Queda rechazada a enmenda.

- Artº 21.4 presenta a enmenda D. José A. Sama Díez e está asumida pola Comisión Delegada. Pásase a votación:

  Votos a favor: 28 Votos en contra: 0 Abstencións: 0
  Queda aprobada a enmenda.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2014

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2014 por parte o Tesoureiro indica aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente o Tesoureiro explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2014. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Non existen emendas ás contas indicadas. Igualmente. Sométese a votación este apartado co seguinte resultado:

Votos a favor: 21.
Votos en contra: 0
Abstencións: 4

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2014.

8.- Aprobación do Orzamento de Exercicio 2015.

O Tesoureiro explica aos existentes en que van a consistir os orzamentos de ingresos e gastos de cara a tempada 2015/2016. Incide na dificultade que entraña esta tarefa debido a crise económica que todos estamos a padecer e da que o deporte non está exento.

Comunica que se van a seguir recortando os gastos, tal e como se fixo no exercicio do 2014 e tamén fai fincapé na dificultade de encontrar ingresos económicos privados, o que dificulta levar a cabo o total das actividades que desexamos.

Indica que se vai procurar levar a cabo as actividades xa programadas, así mesmo confirma que está previsto que se nivelen os gastos e ingresos sen que se produza quebranto algún para a Federación.

Procédese á votación do orzamento para o exercicio 2015 co seguinte resultado:

Votos a favor: 21
Votos en contra: 0.
Abstencións: 6

Queda aprobado o orzamento para o exercicio 2015.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2015/2016 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Procédese á votación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación:
Votos a favor: 27
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

9. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

Tamén informa que a entrada da asemblea se lles entregou un pen no que está a seguinte documentación: Memoria de Actividades, informe de auditoría e contas anuais; orzamento; modificacións o Regulamento Xeral e Disciplinario; enmendas; proxecto de bases de competición 2015-16.

Asímesmo informa a tódolos asembleístas que na derradeira reunión da Comisión Delegada tomouse o acordo unánime de que o balón oficial para as vindeiras dúas temporadas será o de marca MOLTEN.

Iníciase a primeira rolda:

Lino Vázquez pregunta que debido a que os xogadores/as dos equipos junior moitas veces non van os partidos hai que ir cos cadetes, polo que solicita si as xogadores/as cadetes poderían ir só co seguro do xogade. A secretaria Xeral infórmalle que o seguro contratado pola xunta para a actividade Federada en idade escolar non cubre os xogadores cadetes que xoguen en superior categoría.

Lino Vázquez solicita que se aplique a normativa do campionato de España Infantil no concerniente a que os árbitros non toquen o balón nos saques de banda e fondo agás tras unha falta, unha sustición ou un tempo morto; e no peche do acta cando un equipo supere no marcador a outro por unha diferencia de 50 puntos.

A asemblea da FGB solicita que se traslade a comisión Delegada que incluya esta normativa da categoría infantil (tanto na 2ª como na 1ª división)

Lepoldo Ibáñez, solicita que os equipos de Cee xoguen coa delegación de Santiago. O que se lle responde que a distribución dos equipos nas categorías de 2ª divisiones junior, cadete e infantil a fará o Comité de Actividades en base as inscripcións recibidas. E que estudiarase o citado caso.

D. Carlos Maceiras, solicita que nas competicións de 1ª división se estude a posible coincidencia dos equipos dun mesmo club nos calendarios das diferentes categorías. A Secretaria Xeral contéstalle que se ven facendo os derradeiros anos, pero que as veces é imposible polas peticións feitas polos clubs de xustamente o contrario, que non coincidan os seus equipos cando xoguen na casa.

José A. Sama quere deixar constancia do pasado nun encontro preminibasket, no que por un erro non foi inscrito en acta e non poido xogar. Recoñece que co reglamento na mán o feito polo árbitro está ben feito.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 18.40 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

A.D. Cortegada (Ricardo López Rodríguez)
E.D.M. Estradense (José L. Renda Bellet)
C.B. Setentas (Alberte Zato y Gómez de Liaño)
C.B. Defensores do Morrazo (José Luis Pérez Pérez)
C.D. Bosco (Carlos Vázquez Ferro)
C.B. Condado (Gonzalo Seijo Rodríguez)
Obradoiro CAB (José Rivera Rodríguez)
C.B. Cambre (Javier Prieto Souto)
C.B. Sto. Domingo Betanzos (José Mª Valeiro Iglesias)
C.B. Acea da má Fundación (David Castañón Gadea)
C.B. Artai (Jorge López Mosquera)
E.B. Xiria (Rubén Lorenzo Gómez)
C.B. Universitario Ferrol (Leopoldo Ibáñez Santiago)
C.B. Allariz (Aniceto Fernández Fernández)
C.B. Blanco Amor (Lucía González Rodríguez)
C.B. Estudiantes Lugo (Jesús Lázare Rincón)
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
Francisco Martín Micó (Presidente)
Alejandro Alcalde Varela (Arbitros)
Francisco M. Guillamet Noya (Árbitros)
Juan Bosco Casal (Arbitros)
David Guillán Riveiro (Arbitros)
Natalia Soage Portas (Xogadora)
Juan C. Ares Méndez (Xogador)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
Carlos Colinas Morán (Adestradores)
Diego Ouro Fernández López (Adestradores)
Juan Carlos Maceiras Durán (Adestradores)
José A. Sama Díez (Adestradores)